

RESUMO DO FUNCIONAMENTO DO COMEDOR

O servizo do comedor do CEIP García Barbón está xestionado pola Anpa A Barxa como una parte máis da educación do alumnado e unha axuda importante a conciliación familiar.

HORARIOS DO SERVIZO

O comedor funciona dende o primeiro día de curso, excepto para o novo alumnado de 3 anos que non o pode usar ata outubro, cando remata o período de adaptación.

Atende de luns a venres en duás quendas entre as 14:00 e as 16:00 h.

A primeira quenda emprega o comedor de 14:00 a 14:45 h e a segunda a partir das 15:00. En función da demanda, distribúense ós alumnos, habitualmente van na primeira quenda infantil, xunto con 1º e 2º de primaria e na 2ª os demais cursos.

Se as restriccións sanitarias seguisen o próximo curso, manteríanse as tres quendas que temos este ano, de xeito excepcional.

1ª quenda, infantil de 13:30 a 14:00 h

2ª quenda, 1º, 2º e 3º de primaria de 14:15 a 14:45 h

3ª quenda, 4º, 5º e 6º de primaria de 15:00 a 15:30 h

INSCRIPCIÓN

O alumnado que xa está no centro fai a prescrición o redor do mes de maio para o seguinte curso.

Para o novo alumnado de 3 anos que ingresa no centro, faise una reserva de prazas que varía cada ano en función do total de prazas do comedor e un límite razoable sobre os solicitantes de prazo xeral que pidan ser fixos os 5 días da semana. As familias das novas crianzas terán un prazo de inscrición, por determinar, ó comezo do curso.

Polas limitacións actuais derivadas da pandemia, todas as solicitudes faránse enviando o documento por correo electrónico, WhatsApp ou pola app da Anpa A Barxa.

Criterios de acceso.

- Solicitar praza para o vindeiro curso
- Ser xa usuario/a
- Ser usuario/a fixo de 5 días
- Ser usuario/a fixo discontinuo
- Ter irmáns no comedor
- Faltas de comportamento do curso anterior sancionadas
- Número de orde de entrada da solicitude
- Solicitude en prazo

Para información máis detallada poden consultar o regulamento vixente na web da Anpa ou chamar por teléfono de 12.30 a 16.30 h.

